

CORUÑA 10: XVI CARREIRA POPULAR 24.04.2022

**COLABORA CO DORSAL SOLIDARIO
DA CARREIRA C10 AO LABOR
DA ASOCIACIÓN AGA UCRAÍNA**



O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO ORGANIZAN O 24 DE ABRIL DE 2022 A XVI CARREIRA POPULAR C10

Nesta edición, os fondos recadados co dorsal 0 irán destinados á Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA-Ucraína) co obxectivo de dotar aos hospitais ucraínos do material necesario para atender a todos os feridos a causa da guerra que está a acontecer no país.



AGA-Ucráína é unha iniciativa dun grupo de emigrantes ucráinos residentes en Galicia, que, xunto a familiares e amigos, tratan de axudar ao seu país nestes momentos difíciles.

Na actualidade contan con delegacións nas catro provincias galegas e arredor de 500 voluntarios e empresas coas que colaboran.

AS SÚAS PRINCIPAIS LIÑAS DE AXUDAS SON:

- **Envío de axuda humanitaria (roupa de abrigo, alimentos e medicinas). Ata o momento, xa se enviaron a Ucraína unhas 200 toneladas de axuda humanitaria. O transporte realízase con vehículos e condutores ucráinos, o que lles permite levar a mercadoría a diferentes cidades e campos de refuxiados en todo o país.**
- **Envío de doazóns económicas ao Goberno e a diversas ONG ucráinas. Ademais destas doazóns, por iniciativa de diversas entidades públicas e privadas, están a organizar actividades benéficas para a captación de fondos en toda Galicia.**
- **Acollida de refuxiados en Galicia. Desde a asociación coordínase a recollida dos refuxiados na fronteira coa colaboración das autoridades ucráinas e facilítase aos refuxiados o aloxamento, manutención e asistencia durante, polo menos, seis meses con familias de acollida. Trátase dun procedemento de urxencia ata que entren no circuío de protección internacional do estado ou poidan regresar a Ucraína.**
- **Organización de actividades para os refuxiados que chegan a Galicia.**
- **Outros servizos como asistencia psicolóxica para refuxiados, servizo de tradutores e asistencia de avogados especializados en estranxeiría.**



QUERES COLABORAR UN POUCO MÁIS CON AGA-UCRAÍNA?

- Envía un correo electrónico a aga.ucrania@gmail.com
- Explica en que podes axudar
- Aporta os teus datos de contacto

